

<b>Rama de coñecemento</b>	Xurídico-social
<b>Prazas ofertadas</b>	30
<b>Créditos ECTS totais</b>	60
<b>Créditos ECTS do traballo de fin de mestrado</b>	6
<b>Presencialidade</b>	Presencial, semipresencial
<b>Universidades participantes</b>	Universidade de Vigo

## Descrición

O obxectivo deste mestrado é proporcionar unha formación integral que permita achegarlle ao estudiantado a realidade máis actual do panorama mundial dos negocios, proporcionarlle unha visión global e estratéxica da actividade empresarial e dotalo dunha ampla gama de ferramentas de análise e toma de decisións, principalmente mediante unha aprendizaxe experimental.

Para quen desexe emprender un negocio propio, este mestrado é un bo investimento e axudarlle a definir e mellorar os seus proxectos persoais.

Tamén o é para as persoas con potencial para os negocios, que desexen afianzar os seus dotes de liderado para acceder a diferentes posicións directivas en calquera das áreas funcionais da empresa, onde se requiren profesionais con estas competencias para enfrontarse aos retos do contexto actual.

## Perfil de ingreso recomendado

Persoas tituladas con formación universitaria previa en áreas non necesariamente relacionadas coa actividade empresarial, e inqedanzas emprendedoras. Vai dirixido a persoas con algún dos seguintes perfís:

- Persoas con coñecementos ou experiencia profesional no mundo da empresa, que necesitan complementar a formación, adquirir novas ferramentas, criterios e métodos de xestión actuais para incorporarse ao mercado laboral en mellores condicións ou, se xa son profesionais en activo, para optar a postos de maior responsabilidade.
- Persoas con formación en áreas distintas á de negocios, que precisan unha formación complementaria que as habilite para o exercicio profesional no mundo da empresa.

## Saídas profesionais

- Desenvolvemento de negocio (emprender un proxecto empresarial)
- Dirección e xestión unha peme en calquera sector
- Responsable de calquera área funcional dunha empresa: recursos humanos, comercial e mercadotecnia, sistemas de información, finanzas ...
- Consultaría estratéxica de pemes
- Administración pública
- Docencia universitaria ou investigación

## Máis información

Coordinadora	Angeles Sandoval Pérez
Páxina web do mestrado	<a href="http://mpymes.webs.uvigo.es/">http://mpymes.webs.uvigo.es/</a>
Páxina web do centro	<a href="http://www.uvigo.es/uvigo_gl/Centros/vigo/cidade/eu_estudios_empresariais.html">http://www.uvigo.es/uvigo_gl/Centros/vigo/cidade/eu_estudios_empresariais.html</a>
Código RUCT	4313079
Enlace ao RUCT	<a href="https://www.educacion.gob.es/ruct/estudio.action?codigoCiclo=SC&amp;codigoTipo=M&amp;CodigoEstudio=4313079&amp;actual=estudios">https://www.educacion.gob.es/ruct/estudio.action?codigoCiclo=SC&amp;codigoTipo=M&amp;CodigoEstudio=4313079&amp;actual=estudios</a>
Teléfono	986 812 483
Enderezo electrónico	<a href="mailto:mpymes@uvigo.es">mpymes@uvigo.es</a>